

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

RESOLUCIÓN do 8 de xaneiro de 2021, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a financiar actividades de promoción da igualdade e de prevención da violencia de xénero, financiadas en desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, para as asociacións de nais e pais do alumnado de centros educativos de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento SI449B).

O Estatuto de autonomía determina, no seu artigo 4, que lles corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos e galegas na vida política, económica, cultural e social.

No Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, recóllese o compromiso de avanzar na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade, xunto coa prevención e erradicación da violencia contra as mulleres.

Así mesmo, nos sucesivos documentos autonómicos de planificación estratéxica para a igualdade entre mulleres e homes defínese e consolídase como un dos seus principais obxectivos promover a coeducación e promoción da igualdade e prevención da violencia contra as mulleres no eido educativo, coa implicación de todos os compoñentes que conforman a comunidade educativa.

No I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, instrumento de planificación coordinado pola Secretaría Xeral da Igualdade e pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, recóllese como medida de actuación «M13. Impulsar a formación e participación das familias a través das escolas de nais e pais como instrumento de acción coeducativa e de fomento da promoción da igualdade de oportunidades» en todos os seus eixes, destacando pola súa relación con esta resolución o eixe 4 «Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, se-



xual, e afectiva», eixo 5 «Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade», e no eixe 6 «Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple».

No VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020, tamén a promoción entre as familias do principio de igualdade e a prevención da violencia contra as mulleres se inclúe tanto no seu capítulo 2 dedicado ás áreas estratéxicas de igualdade como no capítulo 3 en que se inscriben as dúas áreas estratéxicas de prevención e tratamento da violencia de xénero. Entre as medidas incluídas no VII Plan están as seguintes medidas: 2.1.2.3. Impulso da formación e a participación das familias como instrumento de acción coeducativa e de fomento da promoción da igualdade de oportunidades, 2.1.3.3. Fomento da implicación das familias nos programas de innovación educativa que promoven a igualdade de xénero, nomeadamente naqueles que inciden na erradicación dos estereotipos de xénero e 3.1.3.5. Fomento de iniciativas de prevención da violencia de xénero desenvolvidas desde o tecido asociativo, con especial incidencia no apoio e asesoramento ás familias sobre os dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero e os recursos existentes para o seu apoio.

O Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021 ten por finalidade a posta en marcha, a consolidación e a visibilización de actuacións de distinta índole que inciden na conciliación, desde a base da corresponsabilidade familiar, poñendo o foco nunha repartición equitativa das responsabilidades doméstico-familiares entre mulleres e homes, en liña coas últimas decisións adoptadas pola Comisión Europea que tratan de apoiar a conciliación da vida familiar e a vida profesional, a través da mobilización de instrumentos financeiros e instando á reorientación dos recursos existentes do orzamento da Unión Europea cara a investimentos prioritarios que contribúan á súa consecución.

O papel das familias para remover os estereotipos e conseguir unha repartición equilibrada das tarefas domésticas e mellorar a conciliación da vida familiar, laboral e persoal é un fío condutor deste plan no cal, entre outras, se atopa a medida 2.3. Sensibilizar e implicar as familias no fomento dos valores da corresponsabilidade para unha repartición das tarefas domésticas e de coidados libre de condicionamentos de xénero.



Por outra banda, ante o problema da violencia de xénero o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou por unanimidade en novembro de 2016 unha proposición non de lei pola que se instaba o Goberno para promover a subscrición dun Pacto de Estado en materia de violencia de xénero polo Goberno da Nación, as comunidades autónomas e cidades con Estatuto de autonomía e a Federación Española de Municipios e Provincias, que se segue impulsando políticas para a erradicación da violencia sobre a muller como unha verdadeira política de Estado.

A partir dese fito, desenvolvéronse traballos co fin de identificar e analizar os problemas que impiden avanzar na erradicación das diferentes formas de violencia de xénero e que se estudase e avaliasse, en materia de violencia de xénero, os aspectos de prevención, protección e reparación das vítimas, e propúxose alcanzar e implementar un Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Tras varios meses de traballo, o 13 de setembro de 2017 o Pleno do Senado aprobou, por unanimidade, o Informe do relatorio de estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero. Pola súa banda, o Congreso, na súa sesión plenaria do 28 de setembro de 2017, aprobou sen ningún voto en contra o Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.

Ambos os dous informes, tras identificar a situación en que se atopa actualmente a loita contra a violencia de xénero en España e analizar os problemas que impiden avanzar na erradicación das diferentes formas da violencia, recollen un conxunto de propostas de actuación para os próximos anos entre as que se inclúen, especificamente, as principais reformas que deben acometerse para dar cumprimento efectivo a ese fin, así como ás recomendacións dos organismos internacionais, Nacións Unidas e Consello de Europa.

Os dous textos, como indicaba a proposición non de lei, remitíronse ao Goberno para que os sometese a acordo cos representantes de comunidades autónomas, concellos, partidos políticos, Administración de xustiza, organizacións sindicais e empresariais e asociacións civís.

Este proceso culminou o 27 de decembro de 2017, coa ratificaron de común acordo por parte de todas as CC.AA., do documento final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Neste documento recóllese no seu eixe 1 de ruptura do silencio, sensibilización e prevención, e, sobre todo no ámbito da educación, varias medidas en que as familias e as asociacións de nais e pais teñen un importante papel e oportunidade de implicarse e impulsar a erradicación de estereotipos de xénero e na erradicación da violencia contra as mulleres (medidas 23, 27, 3, 26, 33 e 34).



De conformidade co previsto no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e segundo o establecido no Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, correspóndelle á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, entre outras funcións, propor medidas, programas e normas dirixidas á promoción da igualdade e a eliminación dos estereotipos de xénero e fomentar a coeducación e a participación das familias e asociacións de nais e pais, de cara a que o alumnado, os fillos e fillas logren unha educación pola igualdade, que representa o primeiro paso para a eliminación das desigualdades entre mulleres e homes e previr e loitar a violencia que se exerce contra as mulleres.

Polo anteriormente exposto, a Secretaría Xeral da Igualdade pretende con esta convocatoria impulsar a formación, sensibilización, información das familias e asociacións de nais e pais na perspectiva de xénero, concienciando as fillas e fillos, o alumnado e a comunidade educativa sobre os estereotipos de xénero existentes e visibilizar as mulleres e as nenas promovendo unhas relacións respectuosas e en igualdade que preveñan a violencia de xénero, polo que se considera oportuno realizar esta convocatoria de axudas destinadas á realización, polas asociacións de nais e pais do alumnado dos centros educativos de Galicia sostidos con fondos públicos, de programas de formación, sensibilización, información para a erradicación de todas as formas de violencia contra as nenas as mozas e as mulleres.

A convocatoria destas axudas axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño); no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro); no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro (DOG núm. 214, do 5 de novembro), e no que resulte de aplicación; na Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de novembro), e no seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2007, do 21 de xullo (BOE núm. 176, do 25 de xullo).

Esta convocatoria tramítase como expediente anticipado de gasto, ao abeiro do disposto no artigo 1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto (DOG núm. 34, do 19 de febreiro), modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 (DOG núm. 209, do 29 de novembro), e pola Orde do 25 de outubro de 2001 (DOG núm. 201, do 29 de outubro), ao existir crédito axeitado e suficiente para este fin no proxecto de Lei de orzamentos xerais



da Comunidade Autónoma aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 20 de novembro de 2020.

Así mesmo, segundo o establecido no artigo 5 da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, todos os actos de trámite ditados en desenvolvemento desta resolución enténdense condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da súa produción.

Por todo o exposto, unha vez obtidos os informes preceptivos na tramitación, no uso das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas cales se rexerá a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, ás asociacións de nais e pais de alumnos/as (anpas) legalmente constituídas e ás federacións ou confederacións de anpas, dos centros educativos sustentados con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, para a realización de programas de actividades de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e rexeitamento da violencia contra as mulleres, dirixidas ao alumnado de centros educativos non universitarios, ás familias, ás anpas e á comunidade educativa, en desenvolvemento do Pacto de estado contra a violencia de xénero.

2. Para os efectos desta convocatoria, é compatible a solicitude de axuda por parte dunha asociación de nais e pais coa pertenza a unha federación ou confederación que, así mesmo, solicite subvención.

3. A denominación e o código do procedemento correspondente a estas axudas é o seguinte: SI449B-Axudas económicas ás anpas destinadas á promoción da igualdade entre homes e mulleres e a prevención e loita contra a violencia cara as mulleres.

4. O procedemento para a concesión das subvencións recollidas nesta resolución tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co sinalado no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, baixo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade, accesibilidade universal e non discriminación.



Artigo 2. Financiamento

1. Para o financiamento das axudas previstas nesta convocatoria destínase crédito por importe total de catrocentos mil euros (400.000 €), con cargo á aplicación 05.11.313D.481.2 código de proxecto 2018 00112, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

2. O importe máximo inicial do crédito destinado ás axudas obxecto desta convocatoria poderá ser ampliado en función das solicitudes e das dispoñibilidades orzamentarias, nos supostos e nas condicións previstas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O incremento do importe queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito e, se é o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación de crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria, sen que isto implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

3. O crédito asignado será obxecto de desconcentración nas xefaturas territoriais da Consellería de Emprego e Igualdade, segundo os resultados da avaliación das solicitudes segundo os criterios establecidos no artigo 13 desta resolución, realizada pola Comisión de Valoración Única prevista no artigo 12 desta resolución.

Artigo 3. Compatibilidade e concorrencia

1. Estas axudas son compatibles con outras subvencións, axudas e ingresos, ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou entidades públicas ou privadas.

2. O importe da subvención concedida non poderá superar en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, o custo da actuación ou actividade que vai desenvolver a entidade solicitante, nin o importe total do correspondente concepto de gasto.

En caso de que o conxunto das axudas supere o custo das actividades ou gastos subvencionables, esta axuda reducirase na cantidade necesaria ata acadar o cumprimento do establecido anteriormente.



3. No caso de asociacións de nais e pais de alumnado (anpas) legalmente constituídas, federacións ou confederacións de anpas solicitantes que sexan perceptoras doutras axudas compatibles concedidas para a mesma actuación ou actividade, deberán acreditar a súa natureza e contía. Para o caso de que se trate dun mesmo concepto de gasto vinculado a diversas subvencións, deberán facer constar de forma clara o importe do gasto imputado en cada unha delas.

Artigo 4. *Entidades beneficiarias*

1. Solicitud individual: poderán ser beneficiarias das axudas previstas nesta convocatoria as asociacións de nais e pais de alumnado (anpas) dos centros educativos sostidos con fondos públicos que, con anterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes, estean legalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Asociacións da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

2. Solicitud conxunta: tamén poderán ser entidades beneficiarias as federacións e confederacións de asociacións de nais e pais e a solicitud de dúas ou máis anpas que se agrupen para solicitar e xestionar conxuntamente as actuacións obxecto desta convocatoria que, con anterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes, estean legalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Asociacións da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo. O requisito de constitución legal e de inscrición terase que acreditar por todas as entidades que se inclúan na modalidade conxunta.

3. As entidades solicitantes deberán cumprir, en todo caso, ademais dos requisitos e obrigas exixidos nos artigos 10 e 11, respectivamente, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os seguintes:

a) Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e de acordo co disposto no Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

b) Non atoparse en ningunha das circunstancias e prohibicións establecidas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estar incurso en ningunha delas realizarase mediante declaración responsable da entidade interesada.



4. Todos os requisitos e condicións exixidos deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 5. Accións subvencionables e contía da axuda

1. Poderán ser obxecto de subvención ao abeiro desta convocatoria a realización de programas e actividades de difusión, información e formación para a promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero, que realizarán as anpas, federacións e confederacións de anpas, dirixidos ao alumnado de centros educativos non universitarios, ás familias e á comunidade educativa, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, realizadas entre o 1 de decembro de 2020 e o 30 de novembro de 2021.

Así mesmo, para que o programa e actividades poida ser subvencionado ao abeiro desta resolución ten que incluír, como mínimo, o desenvolvemento e realización dunha actividade dirixida directamente ás familias, nais e pais, que facilite a difusión, información, coñecemento e mesmo reflexión sobre as actividades de difusión levadas a cabo co alumnado e o resto da comunidade educativa.

Serán obxecto de subvención as citadas actividades e programas que respondan a algunha ou algunhas das seguintes tipoloxías contempladas nas medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero do eixe 1:

a) Escolas de pais e nais e/ou formación para as familias en temas de igualdade, de educación afectivo-sexual (aspectos fisiolóxicos e afectivo-emocionais) e sobre violencia de xénero.

b) Elaboración de materiais informativos para nais e pais que lles axuden a detectar a violencia de xénero de que poden ser vítimas ou agresores as súas fillas ou fillos adolescentes.

c) Realización de accións de formación, sensibilización e difusión, contra a cousificación do corpo das mulleres e contra a hipersexualización das nenas.

d) Formación para pais e nais e/ou para mozas e mozos sobre o uso adecuado e crítico da internet e as novas tecnoloxías, especialmente na protección da privacidade e sobre os cibercrimes (stalking, sexting, grooming, etc.).

e) Accións de formación coas familias e/ou alumnado sobre novas masculinidades para romper cos micromachismos e os comportamentos machistas adquiridos polos estereotipos.



f) Outras accións de formación e información para nais e pais que sensibilicen as familias sobre os estereotipos persistentes na sociedade e tamén no eido educativo e sobre pautas para previr a violencia de xénero, ou para detectala e que se dean a coñecer entre as familias os protocolos existentes nos casos de agresións ou violencia contra as mozas.

2. Cada entidade ou agrupación de anpas só poderá presentar unha solicitude de axuda, na cal se poderán incluír unha ou varias das tipoloxías de acción recollidas no punto 1 deste artigo.

3. A contía máxima da axuda que se pode conceder ao abeiro desta liña é de 3.000 € para as solicitudes de asociacións de nais e pais que se presenten de xeito individual e de 6.000 € para as solicitudes conxuntas, que se presenten agrupadas, por dúas ou máis asociacións de nais e pais ou ben para as federacións ou confederacións de anpas.

4. No suposto de esgotar o crédito dispoñible, o resto das solicitudes consideradas subvencionables quedarán en reserva para seren atendidas no caso de producirse algunha renuncia ou por modificación nos proxectos inicialmente presentados ou de producirse un incremento do crédito inicialmente dispoñible, de acordo co establecido no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Para estes efectos, poderanse realizar sucesivas propostas de resolución.

5. Na información, divulgación, difusión e publicidade que se realice destas medidas en calquera medio de comunicación social será obrigatorio que figuren os logotipos da Xunta de Galicia, da Secretaría Xeral da Igualdade e do Ministerio de Igualdade.

Artigo 6. *Gastos subvencionables*

1. Terán a consideración de gastos subvencionables os derivados da realización das actuacións e actividades previstas no artigo 5.1 xerados no período comprendido entre o 1 de decembro de 2020 e o 30 de novembro de 2021, que respondan aos seguintes conceptos:

a) Gastos das persoas relatoras (honorarios, aloxamento, transporte) e/ou contratación mercantil ou externa da prestación dunha actividade ou servizo externo (obradoiro, taller de teatro, xornadas, campañas de difusión...).



b) Gastos derivados da realización da actuación ou actividade subvencionada: elaboración ou adquisición de materiais e publicacións específicas para o desenvolvemento da actividade; gastos de publicidade e difusión da actuación, así como o material de oficina necesario para a súa realización. Así mesmo, poderíanse incluír os gastos directos relacionados co material de protección contra a COVID-19 que sexan precisos para o desenvolvemento das actividades presenciais.

c) Outros gastos correntes directamente derivados da realización da actuación e actividade subvencionada que estean debidamente xustificadas e se consideren necesarios para o seu desenvolvemento (servizo de atención a menores, gastos derivados da realización da actividades en liña ou telemáticas e outros).

En ningún caso serán subvencionables gastos de protocolo ou representación (comidas) e gastos de agasallos para as persoas relatoras.

2. Para os efectos destas axudas non se considera subvencionable ningún tipo de taxa, tributo ou imposto, agás o imposto sobre o valor engadido non susceptible de repercusión ou compensación.

3. Para os efectos da consideración dos gastos como subvencionables e para a súa xustificación, deberán axustarse ao seguinte:

a) Reunir os seguintes requisitos: ser un gasto directo da acción, adecuado aos obxectivos, que exista constancia documental sobre a súa realización de xeito verificable, que se acredite mediante facturas ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, estar efectivamente realizado no período establecido e pagado, como máximo, na data de finalización do prazo de xustificación da subvención.

Así mesmo, admitirase a acreditación de gastos realizados mediante factura simplificada (antes denominado ticket), como documento substitutivo das facturas, sempre que se cumpra o disposto no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

b) De acordo co establecido no artigo 42.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente



pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados. Nestes documentos deben quedar claramente identificadas a persoa receptora e a emisora do pagamento, e será conveniente que no concepto se faga constar o número da factura.

No caso de pagamento mediante cheque terá que ser, en todo caso, nominativo e vir acompañado da xustificación bancaria acreditativa do cargo na conta que figure nel.

Con carácter excepcional, e dada a tipoloxía das entidades beneficiarias, formadas por nais e pais, segundo se recolle no punto 3 do artigo 42 do citado Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibo da persoa ou entidade provedora para gastos de escasa contía en que necesariamente se teña que incurrir para o desenvolvemento da actuación ou actividade obxecto da subvención que teñan un importe menor de 300 euros e que a súa suma non supere o 15 % do importe concedido. O dito recibo terá como contido mínimo os seguintes datos: persoa/entidade que emite o recibo, cantidade recibida e concepto polo que se percibe).

c) Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto en que se reflicte o importe da retención ou cotización devindicadas na data de xustificación, quedando as entidades beneficiarias obrigadas a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario. En todo caso, a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da convocatoria.

4. Non está permitida a subcontratación dos gastos subvencionables. Non obstante o anterior, non se considerarán como gastos subcontratados aqueles en que teña que incurrir a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actuación ou actividade subvencionada, tales como contratación de persoal, alugamento de instalacións para a realización das actuacións e/ou gastos de subministración relacionados con eles.

De acordo co artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria, en ningún caso poderá concertar a execución total ou parcial da/das



actividade/s subvencionada/s con ningunha das persoas ou entidades recollidas nese artigo, entre as que se inclúen as persoas ou entidades vinculadas coa entidade beneficiaria da subvención, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

1ª. Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.

2ª. Que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nas bases reguladoras.

Para a determinación da dita vinculación terase en conta o artigo 43.2.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 7. *Presentación de solicitudes e prazo*

1. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes do vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

2. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

3. As solicitudes de axuda dirixiranse, xunto coa documentación necesaria, á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade competente en función da provincia na cal a asociación teña establecida a súa sede social.



Artigo 8. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*

1. As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

a) Anexo II: certificación expedida pola secretaría da entidade en que se faga constar, entre outros, o acordo de solicitar a subvención ao abeiro desta resolución. Así mesmo, conterá o seguinte:

– No caso de asociacións de nais e pais, deberá facerse constar o número de familias asociadas, con indicación da porcentaxe que representan respecto do total de familias do centro educativo ao que representan, no curso 2020/21.

– No caso de federacións e/ou confederacións de asociacións de nais e pais, deberá facerse constar a relación nominal de asociacións que as compoñen, no curso 2020/21.

b) Anexo II-bis (só no caso de solicitude conxunta de dúas ou máis anpas: certificación expedida pola secretaría da entidade representante na solicitude conxunta en que se faga constar os acordos de solicitar a subvención ao abeiro desta resolución, o compromiso do financiamento do custo do programa e a anpa representante para os efectos desta convocatoria. Así mesmo, conterá o seguinte:

– Para cada unha das anpas, deberá facerse constar o número de familias asociadas, con indicación da porcentaxe que representan respecto do total de familias do centro educativo a que representan, no curso 2020/21.

c) Anexo III: orzamento desagregado dos gastos subvencionables e memoria descritiva das actuacións e actividades singularizadas en materia de promoción da igualdade e de prevención de violencia de xénero para as cales se solicita axuda. A memoria descritiva fará referencia aos seguintes aspectos:

- Descrición da/s actividade/s propostas: contido, metodoloxía, medios materiais e persoais previstos, profesorado e/ou implicación do equipo directivo do centro educativo, implicación e/ou participación doutras entidades (locais, ONG, centros de saúde, etc.) na actividade e persoa ou persoas responsables da súa execución.



- Lugar e data prevista de realización.
- Número estimado de persoas participantes desagregado por sexo.

d) Estatutos vixentes da entidade e acreditación de estar inscrita a entidade no Rexistro de Asociacións da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

e) Calquera outra documentación que a entidade solicitante entenda que é pertinente para unha mellor valoración da solicitude ou para maior detalle na descrición da actuación subvencionable coa presentación dunha memoria complementaria para os efectos de ampliar a información requirida no anexo III e cuxa extensión non poderá exceder os cinco folios.

2. Non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente. Para estes efectos, a entidade interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas entidades interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á entidade interesada a súa presentación, ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.



4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitírase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos poderá consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

6. Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 9. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa que actúa en representación da entidade solicitante.
- b) NIF da entidade solicitante.
- c) Certificado de estar ao día de pagamento coa Seguridade Social.
- d) Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.
- e) Consulta de concesións de subvencións e axudas.
- f) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
- g) Certificado de estar ao día de pagamento coa Axencia Tributaria de Galicia.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro habilitado no modelo de solicitude e achegar os documentos correspondentes.



3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 10. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 11. *Emenda da solicitude*

1. Se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se presenta a documentación exixida, a unidade administrativa encargada da tramitación do expediente requirirá a entidade solicitante para que, no prazo máximo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se considerará que desistiu da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, logo de que se dite resolución nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución poderáselle requirir á entidade solicitante que achegue a información e documentación complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

2. A notificación dos requirimentos practicarase só por medios electrónicos, de acordo co sinalado no artigo 14 desta resolución e nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Artigo 12. Instrución dos procedementos e Comisión de Valoración

1. A instrución dos procedementos corresponde ás unidades de Igualdade das xefaturas territoriais da Consellería de Emprego e Igualdade.

Unha vez revisadas as solicitudes e feitas as emendas, os expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos serán remitidos á Comisión de Valoración.

2. De conformidade co establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establécese unha Comisión de Valoración que será única para todas as solicitudes que se presenten ao abeiro desta convocatoria, estará presidida pola persoa titular da Subdirección Xeral de Promoción da Igualdade; contará con 7 vogais: a persoa titular do servizo de Promoción e Cooperación Institucional, a persoa titular do servizo de Fomento e a persoa titular do servizo de Planificación e Programación; e, un/unha traballador/a de cada unha das unidades de igualdade designada/o pola/o respectivo/a xefa/e territorial. Se por calquera causa algunha das persoas non puidese asistir á reunión, será substituída pola/o funcionaria/o que designe o órgano competente para o outorgamento da axuda. Nos outros casos, será substituída pola persoa funcionaria que designe a Presidencia da Comisión.

A Secretaría da Comisión exercerá un/unha dos/das vogais dos servizos centrais da Secretaría Xeral da Igualdade.

3. A Comisión de Valoración poderá requirir ás entidades solicitantes das subvencións información ou documentación adicional aclaratoria que, non estando en poder da Administración, teña fundamental relevancia e relación directa para unha mellor valoración das solicitudes.

4. Avaliadas as solicitudes seguindo os criterios establecidos no artigo 13, a Comisión de Valoración emitirá un informe, segundo o cal o correspondente órgano instrutor elevará unha proposta de resolución ao órgano competente para resolver a concesión ou deneación da subvención solicitada, propoñendo a concesión de subvención segundo a orde de puntuación e polo importe da axuda que corresponda ata esgotar o crédito dispoñible.

No caso de existiren solicitudes susceptibles de axuda pero que non se inclúen na proposta de concesión anterior por terse esgotado o crédito dispoñible, quedarán en lista de espera por orde de puntuación para seren atendidas no caso de producirse algunha renun-



cia ou algún incremento do crédito inicialmente dispoñible. Para estes efectos, o órgano instrutor poderá formular sucesivas propostas de resolución con anterioridade ao fin do prazo de xustificación das axudas.

Artigo 13. *Criterios de valoración*

1. A comisión valorará as solicitudes consonte os seguintes criterios:

a) Polo número de familias membros da asociación e a porcentaxe que representen sobre o total de familias que conforman a comunidade educativa do centro escolar ao que representan no curso académico 2020/21, cando se trate de asociacións ou, no caso de federacións ou confederacións de anpas, en función do número de asociacións de nais e pais do alumnado que as integran, ata un máximo de 30 puntos, de acordo co seguinte:

– No caso de anpas, valorarase de acordo coas seguintes porcentaxes de representación no centro educativo: máis do 10 % e ata unha porcentaxe do 20 %, 5 puntos; máis do 20 % e ata o 30 %, 10 puntos; máis do 30 % e ata o 40 % 15 puntos; máis do 40 % e ata o 60 %, 20 puntos; máis de 60 %, 30 puntos.

– No caso de federacións e confederacións, polo número de asociacións de nais e pais integradas nelas, 3 puntos por cada asociación ata un máximo de 30 puntos.

– No caso de solicitude conxunta de dúas ou máis anpas que se agrupen para solicitar e xestionar conxuntamente as actuacións obxecto desta convocatoria, valorarase de acordo coas seguintes porcentaxes do total de representación do sumatorio das anpas no total dos centros educativos aos que representan: máis do 10 % e ata unha porcentaxe do 20 %, 5 puntos; máis do 20 % e ata o 30 %, 10 puntos; máis do 30 % e ata o 40 % 15 puntos; máis do 40 % e ata o 60 %, 20 puntos; máis de 60 %, 30 puntos.

b) Pola participación doutras entidades ou institucións na execución e desenvolvemento da/das actividade/s, ata 10 puntos (concello, ONG, centros de saúde, colexio profesional, ...); valorarase con 2,5 puntos por cada entidade colaboradora co programa/actividade ata un máximo de 10 puntos. En todo caso, terase que achegar acreditación da entidade ou institución que presenta a súa intención de colaboración no proxecto para os efectos deste criterio de valoración (segundo o modelo publicado na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade), e non se considerará a participación que implique o cobramento de ningún tipo de remuneración.



c) Domicilio do/dos centro/s educativo/s situado en concellos de zonas rurais ou urbanas en atención á súa cualificación por grao de urbanización (zonas densamente poboadas –ZDP–; zonas intermedias –ZIP–; e zonas pouco poboadas –ZPP–) segundo os estudos publicados polo Instituto Galego de Estatística, ata un máximo de 15 puntos; de acordo co seguinte:

- En ZDP: 5 puntos.
- En ZIP: 10 puntos.
- En ZPP: 15 puntos.

A cualificación dos concellos por grao ou subgrao de urbanización poderase consultar na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.

Para o caso de solicitude conxunta de federacións e confederacións de asociacións de nais e pais, ou solicitudes conxuntas de varias anpas, terase en conta o domicilio dos centros educativos a que se refire a solicitude conxunta, e valorarase tomando a puntuación que responda á maioría de concellos en que se localizan as anpas involucradas nesa solicitude conxunta. En caso de empate, valorarase o grao de urbanización máis favorable.

d) Por contar con páxina web e/ou dominio web propia e actualizada en que se difunda a actividade da anpa ou da federación ou confederación: 5 puntos.

e) Calidade técnica da/das actuación/s e actividades para as que se solicita subvención (ata 40 puntos).

e.1. Contido técnico da/das actuación/s e actividades: ata 30 puntos. Valorarase a coherencia do contido da actividade coas medidas do Pacto de estado contra a violencia de xénero e a inclusión explícita da perspectiva de xénero e a adecuación da actividade aos fins para a que está deseñada e para o colectivo a que se dirixe. Así mesmo, valorarase o contido e a descrición das actividades concretas que se pretenden realizar, a inclusión dunha memoria explicativa complementaria cunha extensión máxima de cinco folios en que se expliquen con maior detalle e extensión as actividades previstas. Así mesmo, valorarase a inclusión do calendario de realización, a previsión do número de persoas que se estima que van participar e que se inclúan indicadores de seguimento e avaliación e/ou enquisas de satisfacción da actividade.



e.2. Innovación: ata 10 puntos. Valoraranse as actuacións e actividades innovadoras, especialmente cando incorporen novas tecnoloxías, ou métodos orixinais de información e difusión cara ás familias e/ou alumnado, como por exemplo, representacións teatrais, ou performance, concursos de ideas, realización de documentais ou outros de natureza análoga. Así mesmo, valoraranse a utilización de medios que permitan a realización de actividades non presenciais a través de plataformas en liña.

2. No suposto de que máis dunha proposta obteña a mesma puntuación e non sexa posible por razóns orzamentarias adxudicar axuda a todas elas, o desempate resolverase tendo en conta a puntuación máis alta obtida en cada criterio de valoración, empezando pola letra e) (Calidade técnica da/das actuación/s e actividades para as que se solicita subvención) e a continuación seguindo a orde en que figura o resto de criterios no número 1 deste artigo, ata que se produza o desempate. De persistir o empate, a preferencia determinarase pola data e hora de presentación da solicitude.

Artigo 14. *Resolución e notificación*

1. Avaliadas as solicitudes segundo os criterios establecidos no artigo 13 desta resolución, o órgano instrutor, á vista do informe da Comisión de Valoración, elevará unha proposta de resolución á/ao xefa/e territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, que resolverá a concesión ou denegación da axuda solicitada ao abeiro desta convocatoria por delegación da secretaria xeral da Igualdade. A/o xefa/e territorial da Consellería de Emprego e Igualdade resolverá dentro das dispoñibilidades orzamentarias sen que, en ningún caso, o importe total das axudas poida superar o límite establecido no artigo 2 desta resolución.

2. O prazo para resolver e notificar será de cinco meses. Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada.

Na resolución de concesión estableceranse as condicións da axuda ás cales quedan sometidas as entidades beneficiarias derivadas da aceptación da subvención.

3. Unha vez notificada a resolución de concesión da subvención, a entidade beneficiaria deberá comunicar no prazo de dez (10) días a súa aceptación, e deberá comprometerse a executar a/as actuación/s subvencionada/s no prazo e condicións establecidas na convocatoria. No caso de non comunicar este aspecto no prazo indicado, entenderase tacitamente aceptada.



4. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

a) De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

b) De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

c) As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

d) Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 15. *Réxime de recursos*

1. A presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante a secretaria xeral da Igualdade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no mesmo diario oficial.



2. As resolucións expresas ou presuntas ditadas ao abeiro da presente resolución porán fin á vía administrativa e contra estas poderá interperse recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ben recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa.

Artigo 16. Modificación da resolución de concesión das axudas

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, tal e como se establece no artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O órgano competente para a concesión destas axudas, nos supostos que proceda, poderá acordar a modificación da resolución por instancia da entidade beneficiaria e coa debida antelación. Estas bases habilitan para aprobar, nos supostos que proceda, as modificacións atendendo aos obxectivos e requisitos da convocatoria e demais normativa aplicable.

Artigo 17. Prazo e xustificación da subvención

1. As entidades beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa da realización da actuación ou actuacións subvencionada/s co data límite do 13 de decembro de 2021. De acordo co sinalado no artigo 8.6 desta resolución, a dita documentación deberá presentarse electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

2. Dentro do prazo establecido no número 1 anterior, as entidades beneficiarias deberán presentar a seguinte documentación xustificativa:

a) Anexo IV: solicitude de pagamento debidamente asinada pola persoa que ten a representación da entidade.

b) Anexo V: certificación do gasto realizado, en que se incluírá a relación das facturas e outros gastos realizados, con identificación dos/das acredores/as cos seus NIF, o número e a data da factura, o concepto, o importe e a data de pagamento, expedida pola secretaría da entidade co visto e prace da presidencia.



c) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.

Para poder ser tidos en conta, os gastos deben estar xerados no período comprendido entre o 1 de decembro de 2020 o 30 de novembro de 2021, e estar efectivamente pagados, como máximo, na data de finalización do prazo de xustificación.

d) Memoria de execución da actuación subvencionada, que deberá recoller, como mínimo:

– Descrición das actuacións e actividades desenvolvidas (datas de realización, duración, contidos e metodoloxía empregada no seu desenvolvemento).

– Indicación de como se atenderon as necesidades das persoas con discapacidade (se for o caso).

– Publicidade e divulgación que se realizou.

– Número de familias e persoas participantes desagregadas por sexo.

– Número de entidades (locais, de iniciativa social, ONGs, etc.) que participaron no desenvolvemento e execución da actividade.

– Así como aqueloutros aspectos que se consideren de interese para a descrición da actuación ou actividade.

– Informe sobre a coherencia do contido da actividade coas medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero e a inclusión explícita da perspectiva de xénero e a adecuación da actividade aos fins para a que está deseñada e para o colectivo a que se dirixe.

A dita memoria virá acompañada dun exemplar de todos os materiais elaborados: carteis, folletos, enquisas, material didáctico, fotografías e outros documentos, nos cales deberá figurar o logo da Secretaría Xeral da Igualdade, e logotipo do Ministerio de Igualdade, para os efectos de acreditar a realización da actuación ou actividade subvencionada.

e) Acreditación documental, material ou gráfica (fotografías, fotocopias, capturas de pantalla da web...) do cumprimento da obriga de información e publicidade do financia-



mento público da actividade subvencionada, de acordo co establecido no artigo 19 desta resolución.

3. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido para o efecto comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención.

No caso de que a xustificación sexa incorrecta e/ou incompleta, requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, logo de resolución, á revogación da subvención concedida.

4. Unha vez recibida a documentación xustificativa, antes de proceder ao seu pagamento, poderanse realizar as actuacións de comprobación que se consideren oportunas para verificar o cumprimento da conduta, actuación ou actividade subvencionada.

5. Antes de proceder ao pagamento da axuda deberá figurar no expediente a declaración acreditativa de que as entidades beneficiarias están ao día nas súas obrigas tributarias e sociais e que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma.

Artigo 18. *Pagamento da subvención*

1. O importe da subvención realizarase do seguinte xeito: un primeiro pagamento do 75 % da contía da subvención concedida, en concepto de pagamento anticipado, que se fará efectivo unha vez realizada a notificación da resolución.

2. As xefaturas territoriais da Consellería de Emprego e Igualdade, de atoparen conforme a documentación xustificativa, proporán o pagamento do 25 % restante, ou a parte que corresponda, que se librará logo da xustificación por parte das entidades beneficiarias do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e demais condicións exixidas nesta resolución.

3. Para o caso de que non se xustificase a totalidade do gasto subvencionable tido en conta para a determinación da contía da subvención, a axuda minorarase proporcionalmente.

4. Atendendo a descrición realizada na memoria e a acreditación material e gráfica achegada, cando se desprenda que o programa ou algunha das actuacións non responde



a unha actividade de difusión, información e formación para a promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero que poida enmarcarse nalgunha das tipoloxías previstas nas medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero do eixe 1 que define o artigo 5 desta convocatoria como accións subvencionables, a subvención será minorada nun 15 %.

5. En todo caso, non xerarán dereito ao cobramento da subvención e procederá o reintegro do anticipo, cando se teña constancia de que o desenvolvemento das actuacións no seu conxunto non se adecuou á finalidade e obxecto desta resolución.

Artigo 19. *Obrigas das entidades beneficiarias*

As entidades beneficiarias deberán cumprir, en todo caso, cos requisitos e obrigas exixidos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como coas condicións e obrigas establecidas nesta resolución e demais que resulten exixibles segundo a normativa xeral de aplicación, en particular, as seguintes:

1. Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos, executar e acreditar a realización da actuación que fundamenta a concesión da subvención dentro do período e prazos establecidos nesta convocatoria, así como o cumprimento dos requisitos, condicións e obrigas que resultan da normativa de aplicación. En todo caso, terase que acreditar que as actividades desenvolvidas respondan a unha actividade de difusión, información e formación para a promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero que poida enmarcarse nalgunha das tipoloxías previstas nas medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero do eixe 1 que define o artigo 5 desta convocatoria.

2. En todo tipo de publicidade e información relativos á actuación e actividades subvencionadas, terá que constar a condición de subvencionada pola Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia.

En todo caso, nos espazos que utilice a entidade e nos lugares de realización das actividades informarase do financiamento público a través dun cartel dun tamaño mínimo A3 nun lugar destacado e visible. Tamén se informará na páxina web, no caso de dispoñer dela. En ambos os casos, a información e documentación terá que levar a imaxe corporativa da Secretaría Xeral da Igualdade e, ademais, terán que levar o logotipo do Ministerio de Igualdade.



3. Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas entidades beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.

4. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Secretaría Xeral da Igualdade, así como a calquera outra actuación de control que poidan realizar os órganos competentes, tanto autonómicos como estatais, para o cal se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Artigo 20. *Responsabilidade*

A organización e materialización das accións obxecto de subvención será responsabilidade exclusiva da entidade beneficiaria, a actuación da Secretaría Xeral da Igualdade quedará limitada ao seu outorgamento e a garantir o cumprimento da normativa en materia de axudas públicas.

Artigo 21. *Reintegro e sancións*

1. O incumprimento das obrigas contidas nesta resolución ou demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

3. Ás entidades beneficiarias das subvencións reguladas nesta resolución seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 22. *Control*

1. A Secretaría Xeral da Igualdade poderá levar a cabo as actividades de control que considere oportunas para a comprobación do cumprimento das condicións das axudas reguladas nesta convocatoria.



2. Todas as axudas estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 23. *Remisión normativa*

Para todo o non previsto nesta resolución observarase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do dito artigo serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Artigo 24. *Información ás persoas interesadas*

Sobre o procedemento administrativo asociado a esta resolución, que ten o código SI449B poderase obter documentación normalizada ou información adicional nas unidades de igualdade das xefaturas territoriais da Consellería de Emprego e Igualdade, a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>, ou da Secretaría Xeral da Igualdade: <http://igualdade.xunta.gal>, ou no correo electrónico promocion.igualdade@xunta.gal ou nos teléfonos da Subdirección Xeral de Promoción da Igualdade 981 95 76 89, 981 95 77 83, e das unidades de igualdade das delegacións territoriais da Consellería de Emprego e Igualdade (A Coruña: 881 88 12 54; Lugo: 982 29 43 55; Ourense: 988 38 67 99; Vigo-Pontevedra: 986 81 76 58).

Disposición adicional única

Apróbase a delegación de atribucións nas persoas titulares das xefaturas territoriais da Consellería de Emprego e Igualdade, nos ámbitos competenciais respectivos, para resolver a concesión, denegación, modificación das subvencións previstas nesta resolución, así como para autorizar e dispoñer os gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta



dos pagamentos, e as relativas aos procedementos de reintegro sinaladas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición derradeira primeira

A Secretaría Xeral da Igualdade poderá ditar as instrucións que sexan necesarias para o adecuado desenvolvemento desta resolución.

Disposición derradeira segunda

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2021

Susana López Abella
Secretaria xeral da Igualdade




ANEXO I

PROCEDIMENTO AXUDAS ECONÓMICAS ÁS ANPAS DESTINADAS Á PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES E Á PREVENCIÓN E LOITA CONTRA A VIOLENCIA CARA ÁS MULLERES	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO SI449B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

 EXPEDIENTE
 SI449B 2021/

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ. ANDAR PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <https://notifica.xunta.gal>

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS BANCARIOS

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/>

PROGRAMA SOLICITADO

SOLICITUDE	DENOMINACIÓN PROGRAMA SOLICITADO	CUSTO TOTAL DA ACTUACIÓN	SUBVENCIÓN SOLICITADA
Solicitud individual: (anpa)(non superior a 3.000 €)			
Solicitud conxunta: dúas ou máis anpas ou federación ou confederación de anpas (non superior a 6.000 €)			




ANEXO I
 (continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

CONCEPTO DA AYUDA	S/C/P (1)	IMPORTE (€)	% (2)	ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE PÚBLICA CONCEDENTE E NORMATIVA REGULADORA (3)

(1) Indíquese o que corresponda (S: solicitada / C: concedida / P: percibida)

(2) Porcentaxe de axuda sobre o custo total

(3) Indicar data de publicación en diario/boletín oficial

2. Que está legalmente constituída e inscrita no Rexistro de Asociacións da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.
3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos e que cumpre todos os requisitos para obter a condición de beneficiario.
4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendentes de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
8. Que está de acordo coas actuacións de control previstas nos artigos 19 e 22 da convocatoria.
9. Coñece as obrigas derivadas da convocatoria, en particular as establecidas no artigo 19.
10. Que, de conformidade co establecido no artigo 69 de la Lei 39/2015, do 1 de outubro, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente, que se dispón da documentación que así o acredita, que se porá á disposición da Administración cando sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao devandito exercicio.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

<input type="checkbox"/> Anexo II. Certificación			
<input type="checkbox"/> Anexo II bis. Certificación (dúas ou máis anpas)			
<input type="checkbox"/> Anexo III. Orzamento desagregado dos gastos subvencionables e memoria descritiva das actuacións			
<input type="checkbox"/> Acreditación de estar inscrita a entidade no rexistro de asociacións da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo			
<input type="checkbox"/> Calquera outra documentación que a entidade solicitante entenda que é pertinente para unha mellor valoración da solicitude ou para maior detalle na descrición da actuación subvencionable (art. 8.1.e). Indíquese:			
<input type="checkbox"/> Copia dos estatutos vixentes da entidade			




ANEXO I
 (continuación)

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓNONE Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa que actúa en representación da entidade solicitante	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma	<input type="checkbox"/>
Consulta de concesións de subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Secretaría Xeral da Igualdade.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXP e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegado/a de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos


LEXISLACIÓN APLICABLE

RESOLUCIÓN do 8 de xaneiro de 2021, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a financiar actividades de promoción da igualdade e de prevención da violencia de xénero, financiadas en desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, para as asociacións de nais e pais do alumnado de centros educativos de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento SI449B).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

 Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade de

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora




ANEXO II

CERTIFICACIÓN

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

DATOS DA PERSOA QUE CERTIFICA

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

En calidade de secretario/a da entidade inscrita no rexistro de asociacións da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo con nº

CERTIFICA

1. Que D^a
con NIF , actúa como representante legal desta para os efectos de subscripción da solicitude de axudas económicas para subvencionar os gastos previstos nesta resolución, en virtude do acordado na asemblea que tivo lugar o día

2. SOLICITUDE INDIVIDUAL: o número de familias asociadas é o seguinte o número de familias que constitúen a comunidade educativa do centro é que representa unha porcentaxe do respecto o total de familias del centro, no curso académico 2020/21.

Nome da anpa	Nome do centro educativo	Provincia	Concello
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

3. SOLICITUDE CONXUNTA. Para as federacións e confederacións de anpas. O número de anpas integrantes da entidade, no curso académico 2020/21 é o seguinte co detalle que se relaciona no cadro.

Nome da anpa	Nome do centro educativo	Provincia	Concello
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

4. A anpa conta con páxina web propia e actualizada SI NON

En caso afirmativo, indicar o enderezo da páxina web

SINATURA DA PERSOA QUE CERTIFICA

Lugar e data




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE
 EMPREGO E IGUALDADE

ANEXO II BIS
CERTIFICACIÓN RELATIVA AS SOLICITUDES CONXUNTAS DE ANPAS
DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

DATOS DA PERSOA QUE CERTIFICA

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

 En calidade de secretario/a da entidade inscrita no Rexistro de Asociacións da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo co número:

Actuando como secretario/a da asociación de nais e pais que terá a representación das anpas que se relacionan a continuación:

CERTIFICA

1. Que D/a

con NIF

, actúa como representante legal desta para os efectos de suscripción da solicitude de axudas económicas para subvencionar os gastos previstos neste resolución, en virtude do acordado na asemblea que tivo lugar o día

SOLICITUDE CONUNTA DE DÚAS OU MÁIS ANPAS: o número de familias asociadas CONXUNTO é o seguinte o número de familias que constitúen a comunidade educativa do conxunto centro é que representa unha porcentaxe do respecto do total de familias do conxunto de centros educativos, no curso académico 2020/21.

Nome da anpa	Nome do centro educativo	Provincia	Concello	Número de familias asociadas no curso académico 2020/21 (A)	Número total de familias do censo do centro educativo no curso académico 2020/21(B)





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

ANEXO II BIS
(continuación)

2. Indicar se as anpas contan con páxina web e/ou dominio web propio e actualizado. Sinalar no recadro SI ou NON. En caso afirmativo, indicar o enderezo da páxina/dominio web

Nome da anpa	Conta con páxina web		Enderezo da páxina web
	SI	NON	
	<input type="radio"/> SI	<input type="radio"/> NON	
	<input type="radio"/> SI	<input type="radio"/> NON	
	<input type="radio"/> SI	<input type="radio"/> NON	
	<input type="radio"/> SI	<input type="radio"/> NON	
	<input type="radio"/> SI	<input type="radio"/> NON	
	<input type="radio"/> SI	<input type="radio"/> NON	
	<input type="radio"/> SI	<input type="radio"/> NON	

SINATURA DA PERSOA QUE CERTIFICA

Lugar e data

, de de

galicia

 Xacobeo 2021



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>




XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

ANEXO III

ORZAMENTO DESAGREGADO DE GASTOS E MEMORIA DESCRIPTIVA DO PROGRAMA
DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DENOMINACIÓN DO PROGRAMA:
PERSOA RESPONSABLE DA ANPA DA SÚA COORDINACIÓN E SEGUIMENTO

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

CENTRO ESCOLAR ONDE SE VAI REALIZAR O PROGRAMA

NOME DO CENTRO

CONCELLO

1. PARTICIPACIÓN DOUTRAS ENTIDADES OU INSTITUCIÓNS NA EXECUCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

NOME DA ENTIDADE	TIPO DE ENTIDADE

2. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

CONTIDO TÉCNICO (Descrición da/das actividade/s propostas: contido, metodoloxía, medios materiais e persoais, profesorado do centro implicado no programa e persoa/s responsables da execución do programa) (artigo 13.1.e.1) valorarase a adecuación do contido da actividade coas medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero e a inclusión explícita da perspectiva de xénero e a adecuación da/das actividade/s aos fins que se desexan conseguir co programa e para o colectivo a que se dirixe)

CARÁCTER INNOVADOR DO PROGRAMA (art. 13.1.e).2 valoraranse as actuacións e actividades innovadoras, especialmente cando incorporen novas tecnoloxías, ou métodos orixinais de información e difusión cara ás familias e/ou alumnado)




ANEXO III
 (continuación)

RELACIÓN DAS ACTIVIDADES					
Actividade	Lugar de realización	Datas de realización		Nº estimado familias participantes	Alumnado (Nº estimado)
		inicio	fin		

3. ORZAMENTO DE GASTOS DO PROGRAMA (art. 6)	
	IMPORTE
Gastos das persoas relatoras: honorarios, aloxamento, transporte	
Gastos derivados da realización da actuación ou actividade subvencionada: elaboración ou adquisición de materiais e publicacións específicas para o desenvolvemento da actividade; gastos de publicidade e difusión da actuación, así como o material de oficina necesario para a súa realización.	
Outros gastos correntes directamente derivados da realización da actuación e actividade subvencionada que estean perfectamente xustificadas e se consideren fundamentais para o seu desenvolvemento.	

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: 11vfneh0-7o22-eq41-1lm3-nm5rvfuugha1




ANEXO IV
SOLICITUDE DE PAGAMENTO

SI449B - AXUDAS ECONÓMICAS ÁS ANPAS DESTINADAS Á PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES E Á PREVENCIÓN E LOITA CONTRA A VIOLENCIA CARA ÁS MULLERES

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

- Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario que establece o artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que, está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
 - Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención.
 - Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

CONCEPTO DA AXUDA	S/C/P (1)	IMPORTE (€)	% (2)	ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE PÚBLICA CONCEDENTE E NORMATIVA REGULADORA (3)

(1) Indíquese o que corresponda (S: solicitada / C: concedida / P: percibida)

(2) Porcentaxe de axuda sobre o custo total

(3) Indicar data de publicación en diario/boletín oficial

- Que os orixinais das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente que se inclúen na xustificación da subvención así como a documentación acreditativa do seu pagamento constan no expediente da entidade asociativa.
- Que a subvención foi destinada ao fin para o que se concedeu e SOLICITA o PAGAMENTO DA LIQUIDACIÓN correspondente da axuda concedida para o PROGRAMA e de conformidade coa documentación que se achega para estes efectos segundo o exixido na normativa reguladora:

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA:

- Anexo V. Certificación do gasto realizado
- Facturas ou documentos de valor probatorio equivalentes no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa
- Memoria de execución da actuación subvencionada, que deberá recoller, como mínimo, o indicado no artigo 17.2.d) da resolución.
- Acreditación documental, material ou gráfica (fotografías, fotocopias, capturas de pantalla web....) do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da actividade subvencionada, de acordo co establecido no artigo 19 desta resolución (artigo 17.2.e)

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

 Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade de




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

ANEXO V

CERTIFICACIÓN DO GASTO REALIZADO

SI449B - AXUDAS ECONÓMICAS ÁS ANPAS DESTINADAS Á PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES E Á PREVENCIÓN E LOITA CONTRA A VIOLENCIA CARA ÁS MULLERES

DATOS DA PERSOA QUE CERTIFICA (Persoa secretaria da entidade)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

CERTIFICA que os gastos/facturas efectivamente correspondentes ao Programa son os seguintes:

Nome ou razón social	NIF/CIF	Concepto	Data factura	Número factura	Base imponible	IVE	IRPF	Importe total	Data pagamento
IMPORTE TOTAL LIQUIDACIÓN									

SINATURA DA PERSOA QUE CERTIFICA

SINATURA DA/O PRESIDENTA/E DA ENTIDADE

Lugar e data , de de

Fdo.



Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade de